BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
VENRES, 21 DE DECEMBRO DE 2018 N.º 291
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2018 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2018, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 17 de decembro de 2018.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3615

---

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o orzamento para o exercicio económico de 2019, por acordo adoptado polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o día 14 de novembro de 2018, ao non terse presentado reclamacións ao mesmo, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

**ESTADO DE INGRESOS**

| | OPERACIÓNS CORRENTES | |
|---|---|---|
| Capitulo | Denominación | Euros |
| 1 | Impostos directos | 584.776,32 |
| 2 | Impostos indirectos | 60.000,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 303.164,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.310.874,28 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 12.000,00 |

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.270.814,60

| | OPERACIONS DE CAPITAL | |
|---|---|---|
| 6 | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 264.884,35 |

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..................... 284.884,35

**TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS.... 2.535.698,95**

**ESTADO DE GASTOS**

| OPERACIÓNS | CORRENTES | |
|---|---|---|
| Capitulo | Denominación | Euros |
| 1 | Gastos de persoal | 720.742,83 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 1.421.033,36 |
| 3 | Gastos financeiros | 0,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 68.209,03 |

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.209.985,22

| | OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
|---|---|---|
| 6 | Investimentos reais. | 313.713,73 |
| 7 | Transferencia de capital | 12.000,00 |

**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..................... 325.713,73**

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS......... 2.535.698,95

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal :

**A) Funcionarios de carreira:**

| **DENOMINACIÓN PRAZA** | | | **Nº DE PRAZAS** | **GRUPO** | **N.C.D.** | **C.E.A.** | **SIT.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1** | | | | | | | |
| 1.1 | Subescala Secretaría-Intervención-Tesourería | | 1 | A1/A2 | 26 | 23.340,52 | O |
| **2** | **ESCALA XERAL** | | | | | | |
| 2.3 | Subescala Administrativa | | 1<br>1 | C1<br>C1 | 22<br>22 | 10.184,16<br>4.882,22 | O<br>VD |
| 2.4 | Subescala Auxiliar<br>Subescala Auxiliar | | 1<br>1 | C2<br>C2 | 16<br>16 | 4.300,00<br>4.300,00 | O<br>VD |
| 2.5 | Subescala Subalterna | | 1<br>1 | AP<br>AP | 14<br>14 | 3.626,56<br>4.273,50 | O<br>O |
| **3** | **ESCALA ESPECIAL** | | | | | | |
| **3.1**<br>3.1.1<br>3.1.2 | **Subescala Técnica.**<br>Técnicos Superiores: Arquitecto/a (38% xornada)<br>Técnicos Medios: Traballador/a Social | | 1<br>1 | A1<br>A2 | 25<br>24 | 3.830,32<br>6.560,54 | VD<br>O |
| **3.2.** | | **Prazas de servizos especiais:** | | | | | |
| 3.2.1 | Auxiliar de Policía local “a extinguir” | | 1 | AP | 14 | 9.126,60 | O |

**B) Persoal Laboral Fixo:**

| **DENOMINACIÓN PRAZA** | **Nº DE PRAZAS** | **GRUPO** | **NIVEL** | **C.E.A.** | **SIT.** |
|---|---|---|---|---|---|
| Oficial de Servizos Múltiples | 1 | C2 | 16 | 6.165,88 | VD |
| Operario/a-Limpador/a | 1 | AP | 13 | 350,00 | O |
| Operario/a-Limpador/a | 1 | AP | 13 | 350,00 | VDP |
| Operario/a-Limpador/a 87,50 xornada | 1 | AP | 13 | 306,32 | VDP |
| Peón de Servizos diversos | 1 | AP | 13 | 1.400,00 | VD |
| Encargado /Operario de servizos múltiples | 1 | AP | 14 | 1.400,00 | O |

N.C.D.: Nivel Complemento Destino; C.E.A.: Complemento Específico Anual; O: Ocupada; VD: Vacante dotada; VDP: Vacante dotada ocupada provisionalmente.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171

do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as

normas de devandita xurisdición.

Castroverde, 17 de decembro de 2018.- O ALCALDE, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 3616

---

## O INCIO

*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia n.º 159/2018, de data 05/12/2018, aprobouse a seguinte Resolución cuxa parte dispositiva transcríbese literalmente:

“DECRETO DA SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA

Resultando que teño previsto ausentarme varios días da localidade por motivo de vacacións, e que os tenentes de alcalde lles corresponde substituír na totalidade das funcións e por orde de nomeamento, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

Resultando que nos casos de ausencia, enfermidade o impedimento as funcións do alcalde non poderás ser asumidas polo tenente de alcalde a quén corresponda sen expresa delegación, debendo reunir os requisitos establecidos no artigo 44.1 e 2 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales.

Resultando que me vou ausentar no período comprendido entre os días 06 ao 16 de decembro, ambos inclusive, por razón de vacacións.

Resultando que o primeiro tenente de alcalde é Don José Carlos Pereiro Vázquez.

Considerando que, conforme o disposto no artigo 44.1 e 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Funcionamenteo e Réxime Xurídico das Entidades Locales, establece que tódalas delegacións serán realizadas mediante decreto do alcalde que conterá o ámbito dos asuntos os que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida que se aparte do réxime xeral previsto no Reglamento.

Considerando, que conforme o mencionado artigo 44, a delegación de atribucións surtirá efecto dende o día seguinte á fecha do decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa, debendo publicarse no BOP. Igualmente se dará coñecemento ó Pleno.

Considerando o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Reglamento de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales por medio da presente:

RESOLVO:

1.- Que Don José Carlos Pereiro Vázquez, primeiro tenente de alcalde, substituirame na totalidade das miñas funcións de alcaldesa-presidenta, con fecha de efectos do día 06 de decembro, mantendose no exercicio do cargo de alcalde accidental ata o día 16 de decembro de 2018, inclusive".

2.- Que se notifique e se proceda a publicación da presente delegación no BOP, tal e como dispón o artigo 44.2 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, dándose conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre".

O Incio, 12 de decembro de 2018.- ALCALDE EN FUNCIONS, José Carlos Pereiro Vázquez

R. 3617

---

## LUGO

*Anuncio*

De conformidade co Decreto número, 18009827 do 21 de novembro de 2018, do Libro de Resolucións, dictado polo Tenente de Alcalde Delegado de Educación e Infraestructuras Urbanas, apróbase a apertura do segundo prazo de solicitude do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo (ESMU Lugo) para o curso 2018-19, xunto coas bases reguladoras, que consta do seguinte teor literal:

**PRIMEIRO**.- Instruído o expediente relativo o segundo prazo do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música e as súas bases reguladoras.

Examinado o expediente de referencia e visto:

1. Acordo 10/630 da Xunta de Goberno Local, de aprobación da creación do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música, xunto coas bases que o regulan.
2. Decreto 17009465 de 27 de outubro de 2017 relativo á creación do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música e as súas bases reguladoras.
3. Decreto 18007818 de 18 de setembro de 2018 de aprobación das bases reguladoras do proceso de préstamo para o curso 2018-2019 do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía os artigos 75.5, 124 e 126 do texto vixente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordancia do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas pola Alcaldía según decreto número 16008543, de 9 de novembro de 2016, do Libro de Resolucións.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar o segundo prazo de solicitude para o Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo (ESMU Lugo) para o curso 2018-2019, xunto coas bases reguladoras que a continuación se transcriben:

" **1. Introducción.** Os fondos do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo (ESMU Lugo) van dirixidos en especial ao alumnado de familias con maiores necesidades económicas para as que a adquisición dun instrumento poder ser un impedimento á aprendizaxe do mesmo. Tamén está orientado a facilitar a iniciación ao instrumento, sobre todo nese intre no que acometer un gasto inicial para as familias é unha dúbida ante a non certeza da adicación do alumno/a a dito instrumento.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**2. Fondos instrumentais.** O Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música está constituído inicialmente polo seguinte instrumental:

| INSTRUMENTO | MARCA | MODELO | NÚMERO SERIE | VALOR | CÓDIGO |
|---|---|---|---|---|---|
| TROMBÓN | J.MICHAEL | TB-450M | PF0065 | 254€ | BI-00 |
| TROMBÓN | J.MICHAEL | TB-450M | PH0085 | 254€ | BI-01 |
| TROMPETA | OLYMPIC | TR-300 | 4060273 | 185€ | BI-03 |
| TROMPETA | OLYMPIC | TR-300 | 4050043 | 185€ | BI-04 |
| TROMPETA | OLYMPIC | TR-300 | 4060497 | 185€ | BI-05 |
| TROMPA | CONSOLAT DE MAR | TP-700 | | 440€ | BI-07 |
| TUBA | CONSOLAT | TU-400 | | 2000€ | BI-16 |
| GAITA PRACTI de DO | LIS LATAS | ARTESÁN | Madeira Granadillo de Colombia. | 605€ | BI-17 |
| PACK PERCUSIÓN | IÑAKI SEBASTIÁN | BEGINNER PACK | | 145€ | BI-20 |
| PACK PERCUSIÓN | IÑAKI SEBASTIÁN | BEGINNER PACK | | 145€ | BI-21 |
| PACK PERCUSIÓN | IÑAKI SEBASTIÁN | BEGINNER PACK | | 145€ | BI-22 |

Os fondos serán obxecto de ampliación nos vindeiros cursos académicos, e aceptaranse tamén doazóns de persoas particulares, empresas, entidades públicas ou calquera outro tipo de doazóns. O instrumental doado será engadido aos fondos do Banco de Instrumentos do Concello de Lugo. O material cedido será instrumental de préstamo, coa excepción de o seu estado ou o seu interese o faga máis apto para ser adicado á conservación/exposición ao público. Para realizar unha doazón deberá cubirse o ANEXO III desta regulación.

**3. Consideracións económicas.** Para favorecer o aprendizaxe e polo tanto a vida musical da cidade de Lugo, o Concello de Lugo establece estas bases para a regulación do proceso de préstamo dos instrumentos que forman parte do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música.Terán prioridade as familias con menos recursos polo que se solicitará información relativa a situación económica familiar que figura xunto coa folla de solicitude que se establece ao final destas bases. Establécense os seguintes criterios para a valoración e puntuación das solicitudes:

| **SITUACIÓN ECONÓMICA** (RPC[1] mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples-IPREM- vixente[2]): | **VALORACIÓN** |
|---|---|
| Inferior ao 30% do IPREM (menos de 161,35€) | **+4 Puntos** |
| Entre o 30% e o 50 % do IPREM (de 162,36 a 268,92) | **+3 Puntos** |
| Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM (de 268,93 a 403,38€) | **+ 2 Puntos** |
| Entre o 75% e o 100% do IPREM (de 403,38 a 537,84€) | **+1 Punto** |
| Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM (de 537,85 a 672,30€) | **-1 Punto** |
| Entre o 125% e o 150% do IPREM (de 672,31 a 806,76€) | **-2 Puntos** |
| Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM (de 806,77 a 1075,68€) | **-3 Puntos** |
| Igual ou superior ao 200% e inferior ao 300% do IPREM (de 1075,69 a 1613.52€) | **-4 Puntos** |
| Igual ou superior ao 300% e inferior ao 400% do IPREM (de 1613.53€ a 2151.36€) | **-5 Puntos** |
| Igual ou superior ao 400% do IPREM (a partires de 2151.37€) | **-6 Puntos** |

* Para efectos deste baremo están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, e estean tuteladas por un dos proxenitores

1. CÁLCULO RPC: suma das casillas 380 e 395 da declaración da renta do exercizo anterior ao ano en curso de ámbolos dous proxenitores, dividido entre 12 mensualidades e entre o número de membros da unidade familiar

2. IPREM 2017: 537,84€/mes (esta cifra actualizarase anualmente o organismo que a determina).

- Procederase a facer unha valoración da situación económica descrita no punto anterior, e establecerase unha puntuación, dita puntuación servirá para definir a preferencia de adxudicación do instrumental. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

- Establecerase un prazo de presentación de solicitudes, podendo abrirse dito prazo varias veces durante o curso.

- O alumnado deberá estar empadroado no Concello de Lugo para acceder ao préstamo instrumental.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

- O préstamo do instrumento será como máximo por un curso académico, sendo obriga volver a presentar de novo a solicitude cada novo curso.

- Enténdese como curso académico para o préstamo do instrumental dende o mes de outubro ata o mes de xuño. A data límite para a devolución do instrumental será o último día lectivo de clases.

- Só se poderá optar a un instrumento por alumno/a.

- As familias que opten por presentar solicitude de mais de un alumno, deberán presentar una solicitude por cada alumno/instrumento.

- Se o alumno non fai aproveitamento das ensinanzas musicais poderá perder a cesión do instrumento previa tramitación do expediente contradictorio. Tamén perderá o dereito ao uso do instrumento se causara baixa na Escola por calquera motivo, procedendo a súa devolución.

- O instrumento é propiedade da Escola Municipal de Música de Lugo – Concello de Lugo.

- O instrumento debe devolverse nas mesmas condicions que se entrega, sendo responsabilidade dos prestatarios a reparación do mesmo ou a sustitución en caso de roubo ou extravío, tanto dentro como fora das dependencias da ESMU Lugo.

- A devolución do instrumento e accesorios farase ao profesor/a da materia, que será o encargado de verificar as condicions en que se fai entrega do mesmo.

- O prestatario faise cargo do valor do instrumento podendo o Concello de Lugo reclamar a cantidade pactada na solicitude de préstamo. A unidade familiar poderá ser penalizada coa pérdida de becas por axuda de compra de libros ou outros beneficios económicos que lle estea a prestar o Concello de Lugo previa tramitación do expediente administrativo.

- No caso de que o prestatario/a deba facer abono da totalidade do prezo do instrumento, dito instrumento pasará a ser propiedade do prestatario, ou ben no caso de que o arranxo do instrumento sexa de maior coste que o prezo do mesmo tamén pasará a ser propiedade do prestarario despois de aboar a cantidade pactada ao Concello de Lugo.

- Para o aproveitamento de tódolos usuarios posibles de este Banco de instrumentos, serán prestados un máximo de dous cursos.

- No caso de alumnado menores de idade os responsables serán os pais/nais/titores/as.

- Cando o prestario/a reciba o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO IV.

- Cando o prestarario/a devolva o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO V.

**4. Requisitos para acceder ao préstamo dun instrumento:**

- Ser alumno/a de pleno dereito da Escola e non ter mais de cinco faltas na materia matriculada.

- Estar empadroado no Concello de Lugo.

- Presentar o modelo de solicitude para o Banco de Instrumentos debidamente cuberto presentado por Rexistro con fotocopia compulsada do DNI. ANEXO I

- Adxuntar a documentación que se require na solicitude.

- Non ter débedas co Concello de Lugo.

**5. Prazo de presentación de solicitudes:**

As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos seguintes prazos:

- O prazo será de 10 días naturais a partir do día seguinte a súa publicación no BOP.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

Concello de Lugo

**MODELO DE SOLICITUDE PRESTAMO INSTRUMENTAL DO BANCO DE INSTRUMENTOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LUGO (ESMU LUGO)**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)**

| | | |
|---|---|---|
| 1º APELIDO: | 2º APELIDO | NOME: |
| ENDEREZO: | | DOCUMENTO DE IDENTIDADE: ☐DNI ☐NIE ☐PASAPORTE ☐TARXETA |
| CÓDIGO POSTAL: | CONCELLO: | |
| PROVINCIA: | TELÉFONO: | |
| CORREO ELECTRÓNICO: | | |

**DATOS DA NENA OU NENO PARA QUEN SE SOLITICA O INSTRUMENTO (DE SER O CASO)**

| | | |
|---|---|---|
| 1º APELIDO: | 2ºAPELIDO: | NOME: |
| ENDEREZO: | | DOCUMENTO DE IDENTIDADE: ☐DNI ☐NIE ☐PASAPORTE ☐TARXETA |
| CÓDIGO POSTAL: | CONCELLO: | |
| PROVINCIA: | TELÉFONO: | |
| DATA DE NACEMENTO: | | |

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:**

| | |
|---|---|
| ENDEREZO: | CONCELLO: |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: |

**INSTRUMENTO QUE SOLICITA:**

| |
|---|
| |

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**DATOS DAS PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR**

| APELIDOS E NOME | DATA DE NACEMENTO | PARENTESCO | SITUACIÓN LABORAL | INGRESOS MENSUAIS |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Número de persoas que forman a unidade familiar | | | | |
| Suma de ingresos mensuais (euros): | | | | |

**NOTA**: Verifique a documentación que deberá achegar coa solicitude, se non foran suficientes as casillas engadir debaixo desta nota.

Lugo, ________ de _______________ de________

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBER ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE**

- ☐ Fotocopia do documento nacional de identidade da **nai e do pai** ou das persoas que representan legalmente ao nena ou neno, ou a si mesmo/a de ser o caso.
- ☐ Certificado de empadroamento da persoa solicitante ou do seu representado.
- ☐ Fotocopia cotexada do **libro de familia ou libros de familia** incluída a primeira folla que contén a serie e o número, ou documento que acredite oficialmente a situación familiar**, con todos os menores que forman parte da mesma**.
- ☐ Certificación tributaria do último exercicio fiscal, positiva ou negativa, **das persoas que compoñen a unidade familiar ou asinar a autorización (ANEXO I**) para que o Concello de Lugo lle solicite directamente á Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais mencionados anteriormente.
- ☐ De ser o caso, documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas en situación de **divorcio, separación ou nulidade matrimonial** (**sentenza xudicial e convenio regulador**).
- ☐ Declaración responsable (ANEXO II) do número de membros que conforman a unidade familiar**.**
- ☐ Documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas que, convivindo no domicilio estean tuteladas por un dos proxenitores, e documentación acreditativa de tal tutela.

| **INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS** | |
|---|---|
| **Responsable** | Concello de Lugo - Benestar social, Igualdade e Muller |
| **Finalidade** | Preinscrición, admisión, inscrición e xestión docente, incluíndo expedientes académicos oficiais de educación profesional. |
| **Lexitimación** | Consenimiento dos intresados/as |
| **Destinatarios** | Non se prevén |
| **Dereitos** | Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, oposición e portabilidade dos datos. |
| **Procedencia** | Datos facilitados polos/as usuarios/as |

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Ós efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), proporcionáselle a seguinte información en relación ó tratamento dos seus datos.

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO**

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado en Praza Maior, nº1 27001 Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@concellodelugo.org
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformación.com

**FINALIDADE**

No Concello de Lugo tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin de realizar a preinscrición, admisión, inscrición e xestión docente, incluíndo expedientes académicos oficiais de educación profesional.

**LEXITIMACIÓN**

A legitimación do tratamento dos seus datos persoais encontra o seu fundamento no consentimento do/a interesado/a. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que o seu non cumplimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

**DESTINATARIOS**

Non está prevista a comunicación dos datos a terceiros. Non está prevista a transferencia internacional de datos.

**DEREITOS**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, no Concello de Lugo, estamos tratando datos persoais que lles atiñan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder os seus datos persoais, así coma a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os/as interesado/as poderán opoñerse ó tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

O/a interesado/a ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ó Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lexible pola máquina. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Lugo de maneira automatizada (medios informáticos).

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**ANEXO I**

**CUBRIR E ASINAR SÓ NO CASO DE QUE DESEXE QUE OS SEUS DATOS FISCAIS SEXAN REQUIRIDOS DIRECTAMENTE POLO CONCELLO DE LUGO**

Que a/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requiridos na "Solicitude de préstamo instrumental do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música". Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de comprobación para aaplicación do baremo e requisitos establecido para a adxudicación dos instrumentos existentes na convocatoria mencionada anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003 xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

| | | |
|---|---|---|
| D./D.ª (**nai** ou persoa que exerce a titoría): | | CIF/DNI: |
| ENDEREZO NOTIFICACIÓN: | | LOCALIDADE: |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: |

| | | |
|---|---|---|
| D./D.ª (**pai** ou persoa que exerce a titoría): | CIF/DNI: | |
| ENDEREZO NOTIFICACIÓN: | LOCALIDADE: | |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: |

Lugo, ______ de ____________ de 20__

Sinatura da persoa que autoriza (**nai**)

Asdo.:_____________________

(nome e DNI)

Sinatura da persoa que autoriza (**pai**)

Asdo.: ___________________

(nome e DNI)

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR**

Dona/D…………………………………………………………………………………………........, con DNI número...........…………………………….., a efectos do disposto na convocatoria que regula o procedemento de adxudicación de instrumental do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música do Concello de Lugo para o curso 2018/2019:

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

**Que a unidade familiar da que formo parte está composta por ……….. membros, especificados na folla de solicitude do Banco de Instrumentos constituíndo eu o/a sustentador/a único/a da familia.**

En proba da conformidade, asino esta declaración.

Lugo,____de________________de 20__

Asdo:

**A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderán dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera outra índole que procedan. A sinatura desta Declaración implica o coñecemento por parte da/o interesada/o que os datos declarados poderán ser comprobados polo Excmo. Concello de Lugo, a fin de poder verificar a exactitude dos mesmos.**

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**ANEXO III**

**MODELO PARA A DOAZÓN DE FONDOS MUSICAIS AO**

**BANCO DE INSTRUMENTOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LUGO**

| | |
|---|---|
| NOME DA PERSOA DOANTE | INSTRUMENTO |
| TELÉFONO | MODELO DO INSTRUMENTO |
| DNI | NÚMERO DE SERIE |
| CORREO ELECTRÓNICO | CON OU SEN FUNDA |
| DIRECCIÓN | DESCRICIÓN DO ESTADO (A cubrir polo persoal da Escola) |
| HISTORIA DO INSTRUMENTO (A cubrir pola persoa doante) | |

En proba da conformidade coa doazón do instrumento asino este documento

Lugo, de de 20

Asdo:

A doazón é efectiva dende o momento de entrega do instrumento na Escola Municipal de Música de Lugo. Farase entrega dunha copia selada como resguardo á persoa doante.

A doazón é irreversible e entenderase a perpetuidade ao Concello de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**ANEXO IV**

**MODELO PARA A ACEPTACIÓN DO PRÉSTAMO DE INSTRUMENTO DO BANCO DE INSTRUMENTOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LUGO**

| | |
|---|---|
| NOME DA PERSOA PRESTATARIA | INSTRUMENTO |
| TELÉFONO | MODELO DO INSTRUMENTO |
| DNI | NÚMERO DE SERIE |
| CORREO ELECTRÓNICO | CÓDIGO INSTRUMENTO (A cubrir polo persoal da Escola) |
| DIRECCIÓN | DESCRICIÓN DO ESTADO (A cubrir polo persoal da Escola) |

En proba da conformidade do préstamo asino este documento:

Lugo,____ de______________de 20___

Asdo: Dirección da Escola

Asdo: o interesado/a

A sinatura deste documento implica a aceptación das bases de préstamo do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**ANEXO V**

**MODELO PARA A DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO DE INSTRUMENTO DO BANCO DE INSTRUMENTOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LUGO**

| | |
|---|---|
| NOME DA PERSOA PRESTATARIA | INSTRUMENTO |
| TELÉFONO | MODELO DO INSTRUMENTO |
| DNI | NÚMERO DE SERIE |
| CORREO ELECTRÓNICO | CÓDIGO INSTRUMENTO (A cubrir polo persoal da Escola) |
| DIRECCIÓN | DESCRICIÓN DO ESTADO (A cubrir polo persoal da Escola) |

En proba da conformidade da devolución do instrumento asino este documento:

Lugo,____ de______________de 20___

Asdo: O profesor/a de instrumento Asdo o interesado/a

A sinatura deste documento implica a aceptación das bases de préstamo do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución caberá interpoñer recurso contencioso administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 19/1998, do 13 de xullo), de Lugo, ou, a elección do demandante, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de un mes, contado desde o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen convinte ao seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase."

Lugo, 4 de decembro do 2018.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREADE EDUCACIÓN E INFRAESTRUCTURAS URBANAS (Decreto Alcaldía nº 16008543), Manuel Núñez López.

R. 3495

---

*Anuncio*

Por medio do presente faise público que Tenenta de Alcalde delegada da Área de Benestar Social Igualdade e Inclusión, ditou o decreto número 18010714 de data 18 de decembro de 2018, no que RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2018 das subvencións para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- A **aprobación das bases e aprobación/autorización do gasto** de **300.000 €** para o pagamento das axudas ás persoas beneficiarias deste programa e que irán con cargo á aplicación orzamentaria municipal **23179.48901** do exercicio económico 2018, (RC 47.392/2018) RCC 123505/2018 por importe de 300.000 €.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo-exercicio económico 2018.

"**PRIMEIRA.- OBXECTO DAS AXUDAS**

1.- O obxecto destas bases é establecer e regular un programa de axudas para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, nas condicións que nelas se establecen. Todo isto coa finalidade de facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se encontre nunha situación socioeconómica que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución española.

2.- As axudas que se outorguen ao abeiro desta convocatoria teñen carácter de subvención, e a súa concesión efectuarase en réxime de concorrencia competitiva. A convocatoria rexerase por estas bases, polas normas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da dita lei e na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

**SEGUNDA.- ENTIDADE COLABORADORA**

1- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), actuará como entidade colaboradora, conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 12, 15 e 16 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e concordantes da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

2- No orzamento anual de EVISLUSA figura, entre outras, como labor anual e fixo o desenvolvemento do Programa municipal de subvencións ao alugueiro. Non é necesaria, polo tanto, a formalización de encargo a medio propio.

**TERCEIRA.- PERSOAS BENEFICIARIAS**

Poderán solicitar estas axudas para o alugamento as persoas físicas arrendatarias de vivendas que vivan soas ou formen parte dunha unidade de convivencia, con contratos de arrendamento vixentes na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán solicitar as axudas aquí reguladas as persoas físicas, maiores de idade, que posúan a nacionalidade española ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Estado Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán ter residencia legal en España.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

O cumprimento de todos os requisitos recollidos nas cláusulas cuarta e quinta destas bases deberá cumprirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período no que a persoa solicitante figure como beneficiaria da axuda.

**CUARTA.- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS PERSOAS SOLICITANTES**

a) Todos os membros da unidade de convivencia han de residir e estar empadroados no termo municipio de Lugo e a persoa solicitante, ademais, deberá estar empadroada cunha antigüidade mínima DUN ANO con anterioridade á data de peche do prazo de presentación de solicitudes; tras a autorización das persoas interesadas, EVISLUSA solicitará de oficio o xustificante de empadroamento e convivencia, e deberán constar empadroadas exactamente as mesmas persoas que se declaran na solicitude.

Consideraranse asimiladas a persoas residentes as solicitantes que fosen antigas residentes no municipio de Lugo e que, por motivos económicos, laborais e/ou formación académica regrada e outras ausencias obrigadas, para xustificar, en todo caso, se viron obrigadas a abandonalo e desexen retornar a el, sempre que demostren ter residido, con anterioridade, neste termo municipal un tempo continuado non inferior a 10 anos.

b) A vivenda para a que se solicita a axuda deberá constituír residencia habitual, aspecto que se xustificará a través dunha declaración responsable da persoa solicitante, se ben a entidade colaboradora resérvase a posibilidade de levar a cabo as comprobacións pertinentes en colaboración co Servizo Municipal de Estatística. Comprobarase que a vivenda onde se atope empadroada a unidade familiar coincide coa do obxecto de solicitude de subvención e que se atopan empadroados unicamente os membros da unidade familiar que figuren na solicitude. O non cumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda.

c) Ningún membro da unidade de convivencia poderá dispoñer de vivenda en propiedade no termo municipal de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo agás que de encontrarse no último suposto demostre documentalmente a imposibilidade de facer uso deste dereito (vivenda non habitable, motivos laborais ou familiares...). Quedan excluídos deste requisito:

- As persoas separadas ou divorciadas con convenio regulador no que figure que a vivenda conxugal queda para uso e desfrute da súa ex-parella.

d) Que non exista aglomeración de persoas na vivenda. (Un mínimo de 4 $m^2$ por persoa en estancias de uso dormitorio).

e) Que a suma dos ingresos brutos anuais de calquera natureza (rendementos do traballo persoal, actividades económicas, pensións, etc.) percibidos durante o último exercicio económico vencido, pola unidade de convivencia non sexa inferior a 0,5 veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) do dito exercicio, nin supere dúas veces o dito índice.

Estarán exentas dos mínimos esixidos as seguintes unidades de convivencia:

- Persoas beneficiarias de prestacións sociais periódicas: pensións non contributivas (PNC, renda activa de inserción, salario da liberdade, renda de integración social de Galicia- RISGA, orfandade...) nos que o mínimo esixido é o importe destas prestacións no exercicio económico correspondente.

- Persoas beneficiarias de prestacións de desemprego a nivel contributivo e asistencial, sempre que a unidade familiar da que formen parte careza de rendementos.

Os ingresos derivados das rendas de capital non poderán superar, no seu conxunto, a cifra de 601 € anuais.

Na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 o valor anual para o IPREM queda fixado en 7.519,59 € (o límite máximo para estas axudas establécese en 15.039,18 € e o mínimo en 3.759,80 € ano)

f) As persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, e que non teñan pendente ningunha outra débeda por ningún concepto coas administracións públicas antes mencionadas. Así mesmo, que non se atopen incursas en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións públicas, contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

g) Que ningún membro da unidade de convivencia:

- Perciba axuda económica en concepto de vivenda mentres estea percibindo a deste programa xa que esta subvención é incompatible con calquera outra pública ou privada concedida para este fin. Exceptúase da anterior limitación o complemento para titulares de PNC que residen en vivendas alugadas.

- Teña parentesco en primeiro, segundo e terceiro grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora.

- Sexa beneficiario/a desta subvención na convocatoria 2017 e nas súas correspondentes prórrogas.

2.- Para os efectos deste programa, enténdese por unidade de convivencia:

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

2.1) A formada polas/os cónxuxes non separadas/os legalmente e, se é o caso, as/os súas/seus descendentes e ascendentes que convivan habitualmente ou colaterais en terceiro grao que convivan habitualmente.

2.2) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, acreditada mediante inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou ben Libro de Familia, a formada polos respectivos titulares das ditas unións de convivencia, con descendentes e ascendentes, en iguais termos aos enunciados no parágrafo anterior.

2.3) As persoas maiores de idade integradas nunha unidade de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse.

2.4) O conxunto de persoas que, cunha antigüidade non inferior a un ano, habitan unha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade.

**QUINTA.- REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS VIVENDAS.**

1.- A vivenda alugada deberá estar situada no termo municipal de Lugo. Non poderán ser obxecto de axuda:

- As vivendas de protección oficial de promoción pública, nin as de titularidade da Administración pública nin as de carácter benéfico social ou sen ánimo de lucro.
- As vivendas situadas en entreplantas. As vivendas situadas nos baixo cuberta con uso legal recoñecido no planeamento distinto de vivenda.
- Os subarrendos.
- Os alugamentos de habitacións.
- Os locais e/ou rochos usados como vivenda.
- As infravivendas e as vivendas carentes de salubridade e hixiene.

2.- O custo do alugamento da vivenda non poderá superar os 350 €/mes. Quedan excluídos do concepto de alugamento, xa que non poderán ser incluídos como renda da vivenda e, polo tanto, non serán subvencionables, os gastos que a continuación se mencionan:

- Os de comunidade e administración.
- Contribucións especiais, taxas e impostos, aínda que figuren no contrato.
- Os de garaxe e anexos.
- Os de gas, auga, electricidade e calefacción.
- Os correspondentes ás reparacións que, conforme a Lei ou o contrato, teña que efectuar na vivenda a persoa titular do arrendamento.

Se no contrato de arrendamento se incluíran anexos ou outros gastos e o prezo de cada un deles non estivera desagregado, o cálculo da renda de alugueiro de vivenda realizarase descontando da cantidade global que figure no contrato os seguintes conceptos:

- 10% polos gastos de comunidade.
- 15% polo alugueiro de garaxe.
- 5% polo alugueiro de rocho.
- 2% por outros gastos (impostos, taxas...)

En todos os casos, os contratos de alugamento deberán aterse, en canto á súa duración, ao estipulado na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos e modificacións posteriores, e en calquera caso deberase desagregar a parte da vivenda dos gastos non subvencionables. Así mesmo, o contrato de alugamento deberá facer mención expresa da súa referencia catastral, se non, certificación catastral da vivenda obxecto de alugueiro, podendo ser obtida de oficio por EVISLUSA tras autorización da persoa solicitante.

3.- A vivenda deberá contar, polo menos, coas seguintes condicións de habitabilidade:

- Cociña en bo uso, con fonte de alimentación eléctrica ou calquera fonte de alimentación legal, e nunha estancia ventilada e axeitadamente equipada.
- Se dispón de instalación de gas, deberá atoparse legalizada. En calquera estancia en que exista aparello con combustión deberá existir unha reixa de ventilación en contacto directo co exterior. No caso de gases máis pesados có aire (butano, propano...) a reixa deberá estar nivelada co pavimento ou cunha altura máxima de 5 cm medida dende ese nivel.

Se a estancia onde se atopa o aparello de combustión non está situada directamente en contacto co exterior, as estancias contiguas disporán, así mesmo, de reixa. En ningún caso se poderán tapar ou bloquear as ditas reixas.

- Cuarto de baño completo con ducha ou bañeira con ventilación directa ou forzada.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

- Sistema de condución de auga quente en funcionamento e que dea servizo ás zonas de aseo e á cociña.

- Instalación eléctrica a 220 V en bo estado e legalizada.

- Dispoñer de auga corrente, con instalación en bo estado, mediante contrato de subministración concertado co Concello de Lugo, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

- Deberá dispoñer de rede de saneamento en bo uso, con vertedura legal á rede xeral, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de sumidoiros.

- Iluminación e ventilación segundo as condicións de vivenda exterior establecidas no PXOM.

Os espazos con uso dormitorio deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso. Considérase unha superficie mínima de 4 $m^2$ por persoa na estancia. Permitirase a ventilación desas estancias a través de galerías ou estancias de estar que non superen os 3 m de profundidade con respecto á fachada do edificio.

Os espazos con uso de estar deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso.

- Demais requisitos establecidos nos criterios xerais da normativa de habitabilidade tendo en conta como mínimo o cumprimento do Decreto 311/1992. Entre cuxas disposicións establece a determinación de que as vivendas situadas na 4ª planta ou superiores deberán ter acceso por ascensor, agás nas edificacións anteriores á entrada en vigor desta normativa.

- As vivendas, en todo caso, deberán ter unhas condicións mínimas de hixiene, ornato e salubridade. Todas as estancias deberán ser accesibles e non se permitirán usos de almacenamento descontrolado de obxectos nas estancias da vivenda.

Desde o 1 de xuño de 2013, coa entrada en vigor do Real decreto 235/2013, é obrigatoria a obtención do certificado de eficiencia enerxética para todas as vivendas destinadas a alugueiro. Polo tanto, a vivenda obxecto de subvención deberá contar con certificado de eficiencia enerxética para todos os contratos posteriores ao 1 de xuño de 2013. Deberá estar indicada a súa posesión no contrato de alugueiro ou, se non, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión do dito certificado.

Para a realización da visita técnica, o persoal de EVISLUSA poñerase en contacto telefónico a través de chamada telefónica ou SMS ao número de teléfono ou no correo electrónico indicado pola persoa solicitante no impreso de solicitude, para indicarlle a data e hora da visita. Realizaranse tres intentos, se non é posible concertar a dita cita, **entenderase que renuncia á subvención por causa imputable á persoa solicitante.**

Así mesmo, unha vez confirmada a data e hora da visita para realizar polo persoal técnico, a non comparecencia na vivenda e, polo tanto, obxecto da inspección implicará a renuncia á axuda.

As vivendas construídas con posterioridade ao ano 2005 inclusive, non serán obxecto de inspección, agás que os técnicos de EVISLUSA á vista da solicitude presentada e os datos catastrais valoren a súa realización. De ser o caso, a persoa solicitante achegará fotografías do interior da vivenda co fin de coñecer o estado actual do inmoble.

**SEXTA.- DETERMINACIÓN DOS INGRESOS, CONTÍA E DURACIÓN DAS AXUDAS. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO E A SÚA PONDERACIÓN**

O orzamento para esta finalidade é de 300.000 € con imputación á aplicación orzamentaria municipal do exercicio 2018 número 23179.48901.

Este crédito inicial poderá ser incrementado en función das necesidades e sempre suxeito á dispoñibilidade orzamentaria. Todo isto, conforme ao disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral da Lei de subvencións cuxa aplicación á concesión de subvencións non requirirá dunha nova convocatoria. No citado artigo 58.2 a) indica que *"resultará admisible la fijación dela cuantía adicional cuando los créditos a los que resulta imputable no estén disponibles en el momento de la convocatoria pero cuya disponibilidad se prevea obtener en cualquier momento anterior de la resolución de concesión por depender de un aumento de los créditos derivado de:*

*... ...*

*-4º Haberse incrementado el importe del crédito disponible como consecuencia de una generación, una ampliación o una incorporación de crédito."*

DETERMINACIÓN DOS INGRESOS

Para a determinación dos ingresos partirase das contías da base impoñible xeral e do aforro reguladas na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade de convivencia e que se refiran ao último exercicio fiscal dispoñible (exercicio 2017). Ademais teranse en conta todos os ingresos recibidos no último exercicio vencido que non estean incluídos no IRPF.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

Para o suposto de que algún dos membros da unidade de convivencia non estivese obrigado a presentar a declaración da renda, os ingresos determinaranse partindo da documentación á que se refire a cláusula décima destas bases.

As axudas de alugamento, cumpridos os requisitos esixidos, concederanse de conformidade coas contías e porcentaxes que a continuación se citan:

A contía para cada caso fixarase en función do cálculo que se efectúe sobre os ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC), de conformidade coa táboa prevista nestas bases. Para esta ponderación tomarase como base a declaración de ingresos (DI) achegada pola persoa solicitante. Esta cantidade ponderarase atendendo ao número de membros da unidade de convivencia e circunstancias deles, aplicando os seguintes coeficientes, de xeito sucesivo e acumulado:

<u>1.- Número de membros da unidade de convivencia (MUC).</u>

- Dous membros: 0,95.

- Tres: 0,90.

- Catro: 0,85

- De cinco en diante: 0,80.

<u>2.- Número de descendentes da unidade de convivencia (DUC).</u>

- Un: 0,95.

- Dous: 0.90

- Tres: 0,85

- Catro: 0,80

- De cinco en diante: 0,75.

<u>3.- Número de ascendentes da unidade de convivencia: (AUC).</u>

- Unha/Un ascendente: 0,95.

- Dúas/Dous ou máis ascendentes: 0,90.

<u>4.- Familias monoparentais con cargas familiares (CF).</u>

- Unha persoa: 0,95.

- Dúas: 0,90

- Tres: 0,85.

- Catro: 0,80

- De cinco en diante: 0,75.

De conformidade co especificado no parágrafo anterior, o cálculo dos ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC) expresarase na seguinte fórmula:

IUC = DI x MUC x DUC x AUC x CF

De acordo cos ingresos ponderados da unidade de convivencia, a contía da axuda virá determinada pola seguinte táboa, tendo como referencia o Índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) do exercicio do 2017: 7.519,59 € /ano que se refiren aos ingresos e ao prezo do alugamento da vivenda:

| IUC | Subvención (% sobre o prezo de alugueiro da vivenda) |
|---|---|
| Ata 1,00 veces o IPREM | 50 % |
| Dende 1,01 veces o IPREM ata 1,40 veces o IPREM | 40 % |
| Dende 1,41 veces o IPREM ata 1,75 veces o IPREM | 30 % |
| Dende 1,76 veces o IPREM ata 2 veces o IPREM | 20 % |

Unha vez avaliados os ingresos e determinado o importe da subvención que corresponda a cada persoa solicitante, a adxudicación da axuda individual farase en primeiro lugar, primando as persoas de menos ingresos económicos e en segundo as que teñan maior número de persoas menores ou maiores dependentes ao seu cargo.

En ningún caso, o total da subvención superará o 50% do importe de alugamento mensual da vivenda.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**SÉTIMA.- PUBLICIDADE DA CONCESIÓN**

Non será necesaria a publicación na BDNS no Taboleiro Municipal de Edictos nin na páxina web do Concello de Lugo das subvencións outorgadas ao amparo desta convocatoria porque son concedidas a persoas físicas afectadas por situacións de desvantaxe económica e social, e a súa difusión sería contraria ao respecto e salvagarda do seu honor e intimidade persoal e familiar

**OITAVA.- DURACIÓN DA CONCESIÓN**

A convocatoria destas subvencións poderá ser bianual. A subvención concédese por un período inicial de 12 meses, prorrogable ata un máximo de doce meses máis, con efectos 1 de xaneiro de 2019. Todo isto condicionado a que:

- Exista dispoñibilidade orzamentaria.

- A persoa solicitante cumpra os requisitos establecidos na base cuarta destas bases.

**NOVENA.- LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

As persoas interesadas presentarán a súa solicitude en modelo normalizado (ANEXO I destas bases) debidamente asinada, no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sito na rúa Quiroga Ballesteros- Edificio Uxío Novoneyra- 3ª Planta; no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións [artigo 17.3.b), 18 e 20.8. a] en relación coa Base de datos nacional de subvencións (BDNS). Así mesmo, publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), e deberá inserirse no "Portal de transparencia e bo goberno" do Concello de Lugo.

**DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES**

No expediente das persoas interesadas deberá figurar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

**a) Xustificantes de datos persoais**

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

- Fotocopia do/dos libro/s de familia, certificado de parella de feito ou partida de nacemento, segundo o caso.

**b) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade de convivencia:**

A acreditación dos ingresos da unidade de convivencia realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

*Común a todas as persoas solicitantes:*

- Fotocopia da declaración do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) da última declaración fiscal dispoñible de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos, se non, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria acreditativa de non ter a obriga de presentala.

- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

Aquelas persoas que formando parte da unidade de convivencia non estean obrigadas a presentar a declaración de IRPF e perciban rendas salariais, acreditarán os seus ingresos mediante a seguinte documentación:

*Traballadores/as por conta allea:*

- Certificación ou certificacións das empresas acreditativas das rendas salariais percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

*Desempregados/as:*

- Certificación do Servicio Público de Empleo Estatal das prestacións percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego: certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

- Copia da tarxeta de demandante de emprego.

*Pensionistas:*

- Certificación acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

*En caso de separación ou divorcio:*

- Extracto da conta bancaria onde consten os ingresos percibidos ou aboados, o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria, e, se non, denuncia xudicial por falta de pagamento actualizada. No suposto de aboamento de pensión compensatoria ou alimenticia, poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

**As persoas non incluídas nalgún dos parágrafos anteriores** deberán achegar a documentación que acredite os ingresos percibidos durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Aqueloutros que EVISLUSA considere convenientes para a valoración económica do expediente.

**c) Xustificantes de arrendamento en vigor:**

- Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude, con mención expresa da referencia catastral da vivenda obxecto do contrato ou, se non, certificación catastral da vivenda obxecto de alugueiro, podendo ser obtida de oficio por EVISLUSA tras autorización da persoa solicitante.

Para os contratos posteriores ao 1 de xuño de 2013, debe estar indicada a posesión do certificado de eficiencia enerxética ou, se non, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión do dito certificado.

- Fotocopia dos 2 últimos xustificantes de pago de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento todos ou algúns dos gastos a que se refire a base quinta, parágrafo 2 desta convocatoria, o cálculo da renda calcularase segundo o estipulado.

**d) Xustificantes de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias:**

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

**e) Xustificantes de antigos/as residentes que desexen regresar a Lugo:**

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio (Padrón histórico do Concello de Lugo e copia dos contratos laborais ou certificado de empresa ou xustificante de estudos do período no que non estaba empadroado/a no Concello de Lugo e calquera outra xustificación da ausencia obrigada).

**f) Xustificantes de separación ou divorcio:**

- Fotocopia da sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador, ou medidas paterno-filiais, segundo o caso, na que conste o importe de pensión alimenticia e/ou compensatoria así como o uso da vivenda conxugal.

- No suposto de que un proxenitor teña a garda e custodia exclusiva ou total das fillas e fillos e non perciba a pensión alimenticia establecida xudicialmente, deberá presentar a sentenza condenatoria por non pagamento de alimentos ou, se non, acreditar esta circunstancia mediante certificado da/do letrada/o da Administración de xustiza, dilixencia, providencia ou documento análogo do xulgado que acredite que o procedemento de reclamación alimenticia está en curso. Este documento deberá ser expedido dentro dos tres meses anteriores á data de presentación de solicitudes.

**g) Xustificantes de familia monoparental:**

- Declaración responsable de non constituír unión estable de parella ou manter unha relación análoga á conxugal, así como de non ter contraído matrimonio con outra persoa.

**h) Xustificantes de membros da unidade de convivencia con discapacidade:**

- Certificado de discapacidade.

**i) Xustificantes de membros da unidade de convivencia en que exista algunha vítima de violencia de xénero:**

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da/do letrada/o da Administración de Xustiza da propia orde de protección ou medida cautelar.

- Resolución xudicial que declare a existencia de violencia de xénero.

- Certificación e/ou informe dos servizos socias da Administración pública ou local.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**l) Xustificantes para presentar polas persoas sen vínculos familiares que conxuntamente habitan unha vivenda de forma habitual, permanente e estable:**

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.

**m) Declaración responsable da unidade de convivencia** na que faga constar que non se encontra inhabilitada nin está incursa ou afectada por ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Lei 7/2003, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**n) Declaración responsable de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos** na que faga constar que:

- Non foi obxecto de desafiuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
- Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.
- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- Ningún membro da unidade de convivencia está a recibir axudas ou subvención para a mesma finalidade que a destas bases.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE DE PRÓRROGA**

Durante o mes de novembro de 2019, a persoa solicitante deberá presentar a solicitude de prórroga para o segundo período segundo o modelo normalizado (anexo II).

Así mesmo, e con data límite 30 de novembro de 2019, deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificacións de todos os membros da unidade de convivencia de non ter débedas fiscais coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.
- Xustificantes dos ingresos do último exercicio vencido e informe de vida laboral das persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- Declaración responsable de cumprir todos os requisitos establecidos na antedita base cuarta.

**A non presentación da solicitude de prórroga e da documentación dentro do prazo establecido será considerada como a renuncia á dita axuda.**

A presentación da solicitude de subvención ou de prórroga implica a aceptación destas bases polas persoas interesadas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da prórroga da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación desta resolución.

Logo de recibir toda a documentación, EVISLUSA comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases, realizará os informes previos de valoración dos ingresos ponderados, segundo estas bases, e calculará a contía da axuda que corresponde para a segunda anualidade.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, coas seguintes precisións:

1.- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos ou corrixa as deficiencias, indicándolle que se non se fixese así, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se lle terá por desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

2.- Rematado o prazo de admisión de solicitudes e de achega de documentación solicitada, os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), realizarán, antes da data establecida para remate da convocatoria, a inspección técnica das vivendas para informar sobre as súas condicións de habitabilidade, e realizará os informes previos de valoración dos ingresos ponderados, segundo estas bases, e calculará a contía da axuda que corresponde.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

3.- A comisión de avaliación, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:

Un/Unha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

VOGAIS:

- A persoa que desempeñe o posto de Director Xerente de EVISLUSA, con voz e sen voto.
- Arquitecta/o de EVISLUSA, (Aparellador) con voz e sen voto.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoa que o substitúa.
- Un/Unha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.
- Un/Unha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

SECRETARIO/A: un/unha funcionario/a municipal e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

Correspóndelle a esta comisión avaliadora a realización das seguintes funcións:

- Coñecer e aprobar o informe de avaliación elaborado por EVISLUSA sobre o número de solicitudes presentadas, as valoradas, as incidencias nas valoracións, as puntuacións e as contías das subvencións propostas.
- Requirir, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios.

Correspóndelle á unidade administrativa elevar, en consonancia co informe da comisión, a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para resolver o procedemento.

**DÉCIMO TERCEIRA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PRAZO DE RESOLUCIÓN**

No referente ao órgano competente para resolver o procedemento dos expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva estarase ao disposto no réxime competencial vixente e correspondente ao Concello de Lugo.

O prazo para resolver é dun mes contado a partir da data de emisión do informe pola comisión avaliadora. Esta resolución terá que ser motivada segundo establece o artigo 29 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso ante o órgano que a ditou ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Unha vez notificada a resolución, a aceptación da subvención por parte das persoas solicitantes, entenderase efectuada se, no prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte hábil ao da notificación da subvención, aqueles non renunciaran a ela mediante escrito dirixido á Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA).

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Non se admitirá reformulación das solicitudes.

**DÉCIMO CUARTA.– FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN. PAGAMENTO**

O Concello de Lugo transferiralle á persoa beneficiaria o importe da axuda concedida durante o tempo de vixencia desta, tras a proposta de pagamento presentada por EVISLUSA que deberá levar un libro contable específico por cada axuda e para a totalidade do programa.

Para proceder ao aboamento da subvención, a persoa beneficiaria deberá entregar nas oficinas de EVISLUSA todos os meses, coa data límite do día 12 (incluído), **o orixinal do documento bancario** que acredite o pago realizado á/ao propietaria/o en concepto de alugamento mensual da vivenda. Se transcorrido o citado prazo non se achegase o xustificante correspondente, perderase o dereito a que lle sexa aboada a subvención dese mes, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

Soamente se consideran válidos os documentos bancarios nos que se acredite o pagamento da totalidade do alugamento mensual, con indicación da persoa titular da subvención, propietaria da vivenda, concepto, mensualidade e prezo de alugamento.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE REVOGACIÓN E REINTEGRO DA AXUDA**

Procederá a revogación da subvención e o reintegro das cantidades percibidas, ademais da esixencia do xuro legal que resulte da aplicación dende o momento do aboamento da subvención, cando concorra algunha das circunstancias que se detallan a continuación:

- A achega de datos falsos que induzan a erro na documentación presentada e na correspondente resolución.
- O incumprimento das obrigas estipuladas na base decimo sétima.
- A non achega do correspondente xustificante bancario de aboamento da renda mensual de alugamento durante tres mensualidades consecutivas ou seis alternas.
- En xeral, o incumprimento de calquera outra estipulación ou obriga contida nestas bases ou na Ordenanza municipal do Concello de Lugo reguladora da concesión de subvencións.

**DÉCIMO SEXTA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS**

Ningunha das persoas que habitan a vivenda obxecto da subvención poderá recibir subvención nin axuda económica estatal, autonómica nin municipal en concepto de vivenda mentres perciba a subvención obxecto destas bases, nin de calquera outro programa privado de axuda ao alugueiro. Quedan excluídas deste requisito:

- Os perceptores de pensións non contributivas que se beneficien do complemento fixado no Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen as normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

**DÉCIMO SÉTIMA.– OBRIGAS DAS PARTES**

As persoas beneficiarias das axudas de alugamento asumirán os seguintes compromisos:

- O aboamento mensual, á/ao arrendadora/or, da renda establecida.
- Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente.
- Autorizarlle a EVISLUSA para que inspeccione a vivenda co fin de comprobar o uso axeitado desta.
- O mantemento da vivenda en condicións axeitadas de hixiene e salubridade.
- A comunicación a EVISLUSA por escrito calquera eventualidade ou cambio nos datos achegados para a concesión da subvención, referidos á redución ou incremento do número de integrantes da unidade de convivencia, o cambio de domicilio e calquera variación no importe do alugueiro. Adquisición da nacionalidade española. No caso de cambio de domicilio, os técnicos de EVISLUSA farán a correspondente inspección técnica da vivenda para verificar o seu cumprimento, e axustarase a contía da subvención ao novo alugueiro, e deberá ser igual ou inferior á que viña percibindo.
- Manterse ao corrente no pagamento de tributos (impostos, taxas, contribucións especiais), prezos públicos e sancións do Concello de Lugo.
- Non percibir, durante o período de desfrute da subvención, outras axudas ou subvencións xestionadas por outras administracións que repercutan no mesmo concepto. Exceptúase desta incompatibilidade o previsto para os perceptores de pensións non contributivas na cláusula décimo sexta.
- A persoa arrendataria non poderá subarrendar a vivenda nin alugar habitacións dela.
- Achegar calquera documentación necesaria, e que fose requirida polo Concello ou EVISLUSA, para o seguimento da subvención.
- Unha vez alugada a vivenda, todos os membros da unidade de convivencia deberán actualizar o seu empadroamento achegando o correspondente certificado do padrón.
- Dispoñer dunha conta bancaria co obxecto de percibir as transferencias correspondentes en concepto de subvención.

O Concello asumirá o compromiso de aboarlle mensualmente á persoa beneficiaria da subvención a cantidade aprobada como axuda para o alugamento.

**DECIMO OITAVA.- XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS, CONTROL DAS SUBVENCIÓNS, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Para o non previsto nestas bases, estarase ao disposto nos artigos 30 a 40, ambos os dous incluídos, da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**DECIMO NOVENA.- RECURSOS**

As persoas interesadas poderán interpoñer contra estas bases recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que lles preste a súa aprobación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

dous meses, ante o Xulgado de Lugo da dita xurisdición, contándose ambos os dous prazos dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Autorízase a publicación de materiais informativos e divulgativos deste programa de fomento da vivenda en alugamento.

ANEXOS I, II e III.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

ANEXO I

Concello de Lugo

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL: | | | NIF/NIE: |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO: | | CONCELLO: | |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: |

☐ Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.

## DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

| NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL: | NIF/NIE: |
|---|---|
| TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: |
| DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN: | |

## ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

| ENDEREZO: | | CONCELLO: |
|---|---|---|
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA: |

## MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

| NOME E APELIDOS | PARENTESCO | ESTADO CIVIL | DATA DE NACEMENTO | DNI |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

## SOLICITA

AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

Lugo,.................... de ..................................... de 2018

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Asdo.:

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**DECLARA RESPONSABLEMENTE** que:

- Todos os membros da súa unidade de convivencia residen e están empadroados no termo municipal de Lugo e a persoa solicitante, ademais, está empadroada cunha antigüidade mínima de UN ANO con anterioridade á data da convocatoria.

- Ningún membro da unidade de convivencia optou a outras axudas concedidas por organismos oficiais para adquisición ou alugamento de vivenda e que non é beneficiaria/o de ningún outro programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas, coa excepción do contemplado na base décimo sexta das bases reguladoras.

- Non foi obxecto de desafiuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.

- Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.

- A vivenda está en boas condicións de habitabilidade e que reúne os requisitos esixidos nestas bases.

- A vivenda para a que se solicita a axuda constitúe a súa vivenda habitual.

- Todos os membros da unidade de convivencia non teñen débedas pendentes nin coa Facenda Estatal, Facenda Autonómica, Seguridade Social, nin co Concello de Lugo.

- Non se atopa inhabilitada nin incursa en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.

- Os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou errores que conteña.

- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar e verificar os datos e informacións declaradas.

- Autorízolle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A a comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e solicitar certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Dirección Xeral do Catastro que as bases reguladoras requiran achegar.

Lugo,........de............................de 2018

(Sinatura da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos)

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

Conforme ao establecido na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.

**XUSTIFICANTES DOCUMENTAIS PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE:**

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos. Fotocopia do/s libro/s de familia, certificado de parellas de feito ou partidas de nacemento, segundo o caso.

- Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte á Axenda Estatal da Administración Tributaria, á da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

**a) Xustificantes de datos persoais**

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

- Fotocopia do/dos libro/s de familia, certificado de parella de feito ou partida de nacemento, segundo o caso.

**b) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade de convivencia:**

A acreditación dos ingresos da unidade de convivencia realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

*Común a todas as persoas solicitantes:*

- Fotocopia da declaración do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) da última declaración fiscal dispoñible de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos, se non, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria acreditativa de non ter a obriga de presentala.

- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

Aquelas persoas que formando parte da unidade de convivencia non estean obrigadas a presentar a declaración de IRPF e perciban rendas salariais, acreditarán os seus ingresos mediante a seguinte documentación:

*Traballadores/as por conta allea:*

- Certificación ou certificacións das empresas acreditativas das rendas salariais percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

*Desempregados/as:*

- Certificación do Servicio Público de Empleo Estatal das prestacións percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego: certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Copia da tarxeta de demandante de emprego.

*Pensionistas:*

- Certificación acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

*En caso de separación ou divorcio:*

- Extracto da conta bancaria onde consten os ingresos percibidos ou aboados, o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria, e, se non, denuncia xudicial por falta de pagamento actualizada. No suposto de aboamento de pensión compensatoria ou alimenticia, poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

**As persoas non incluídas nalgún dos parágrafos anteriores** deberán achegar a documentación que acredite os ingresos percibidos durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Aqueloutros que EVISLUSA considere convenientes para a valoración económica do expediente.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

**c) Xustificantes de arrendamento en vigor:**

- Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude, mención expresa da súa referencia catastral, en defecto, certificación catastral da vivenda obxecto de alugueiro. Para os contratos posteriores ao 1 de xuño de 2013, debe estar indicada a posesión do Certificado de Eficiencia Enerxética ou, se non, declaración responsable do propietario da vivenda de que está en posesión do dito certificado.

- Fotocopia dos dous últimos recibos de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento todos ou algúns dos gastos a que se refire a base quinta, parágrafo dous desta convocatoria, xustificantes da persoa que exerce a presidencia da comunidade e/ou da persoa arrendadora nos que se detalle do alugamento os gastos non subvencionables.

**d) Xustificantes de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias:**

- Certificación da Axenda Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda, de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

**e) Xustificantes de antigos/as residentes que desexen regresar a Lugo:**

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio (Padrón histórico do Concello de Lugo e copia dos contratos laborais ou certificado de empresa ou xustificante de estudos do período no que non estaba empadroado/a no Concello de Lugo e noutras ausencias obrigadas, para xustificar en todo caso).

**f) Xustificantes de separación ou divorcio:**

- Fotocopia da sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador, ou medidas paterno-filiais, segundo o caso, na que conste o importe de pensión alimenticia e/ou compensatoria así como o uso da vivenda conxugal.

- No suposto de que un proxenitor teña a garda e custodia exclusiva ou total das fillas e fillos e non perciba a pensión alimenticia establecida xudicialmente, deberá presentar a sentenza condenatoria por non pagamento de alimentos ou, se non, acreditar esta circunstancia mediante certificado da/do letrada/o da Administración de xustiza, dilixencia, providencia ou documento análogo do xulgado que acredite que o procedemento de reclamación alimenticia está en curso. Este documento deberá ser expedido dentro dos tres meses anteriores á data de presentación de solicitudes.

**g) Xustificantes de familia monoparental:**

- Declaración responsable de non constituír unión estable de parella ou manter unha relación análoga á conxugal, así como de non ter contraído matrimonio con outra persoa.

**h) Xustificantes de membros da unidade de convivencia con discapacidade:**

- Certificado de discapacidade.

**i) Xustificantes de membros da unidade de convivencia en que exista algunha vítima de violencia de xénero:**

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da/do letrada/o da Administración de Xustiza da propia orde de protección ou medida cautelar.

- Resolución xudicial que declare a existencia de violencia de xénero.

- Certificación e/ou informe dos servizos sociais da Administración pública ou local.

**l) Xustificantes para presentar polas persoas sen vínculos familiares que conxuntamente habitan unha vivenda de forma habitual, permanente e estable:**

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.

- Aqueloutros documentos que se consideren necesarios.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

ANEXO II

| Concello de Lugo | |
|---|---|
| SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA | |

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| NOME e APELIDOS: | | | NIF/NIE: |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO: | | | CONCELLO: |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: |

☐ Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.

SOLICITA

A PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO ANUALIDADE 2018

- Declaro responsablemente que:

- Todos os membros da miña unidade de convivencia cumpren todos os requisitos establecidos na base cuarta das reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2018.

- Non se solicitan nin se reciben outras axudas para adquisición ou alugamento de vivenda, e que non son persoa beneficiaria de programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas.

- Non son persoa inhabilitada nin incursa nas causas de prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Todos os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que me fago responsable das inexactitudes ou errores que conteña.

- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo a comprobar a verificación dos datos e informacións declaradas, así como a de non ter débedas fiscais.

- Autorízolle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A., a comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e solicitar certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Dirección Xeral do Catastro que as bases reguladoras requiran aportar.

Lugo, de de 2019

(Sinatura da persoa solicitante e todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos)

Asdo.:___________________________

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR CON ESTA SOLICITUDE:

- Certificacións de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos de non ter débedas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.

- Xustificantes dos ingresos do último exercicio vencido e informe de vida laboral das persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

- Aqueloutros documentos que se consideren necesarios.

De acordo coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

ANEXO III

| Concello de Lugo | |
|---|---|
| RENUNCIA EXPLÍCITA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA. | |

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| NOME e APELIDOS: | | | NIF/NIE: |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO: | | | CONCELLO: |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: |

PRESENTO A RENUNCIA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO ANUALIDADE 2018

E para que conste e produza os efectos oportunos asino esta renuncia.

Lugo, de de 2018

(Sinatura da persoa solicitante)

Asdo.:___________________________

Anuncio publicado en: Num BOP 291 año 2018 (21/12/2018 08:00:00)

De acordo coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI."

CUARTO.- O texto destas bases publicarase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; **se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes**,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

- No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015)."

Lugo, 12 de decembro de 2018.- A Tenenta de Alcalde delegada da Área deBenestar Social Igualdade e Inclusión, Ana María González Abelleira.

R. 3635

---

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

**APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA NOVEMBRO 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 10.12.2018 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de novembro de 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o19.12.2018 ata o 19.02.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de decembro de 2018.- O alcalde, José Tomé Roca.

